

NOTA DE PRENSA

EXPOSICIÓN

NOVOS HORIZONTES. Artistas contemporáneos de Francia

1 xuño – 30 setembro 2007 SALAS DE EXPOSICIÓN DA PLANTA BAIXA



Frank Perrin. *Joggers, La Baule 001*, 1998 [Postcapitalism Section 09]

DATAS

1 xuño – 30 setembro 2007

LUGAR

salas de exposición da planta baixa

HORARIO

martes a sábados (festivos incluídos)
de 11.00 a 21.00
domingos, de 11.00 a 15.00

COPRODUCCIÓN

CRAC Alsace, Francia
La Centrale Électrique, Bruxelas,
Bélxica
MARCO, Museo de Arte Contemporánea
de Vigo

COMISARIA

Hilde Teerlinck

ARTISTAS: 19

- **Virginie Barré** (Quimper, 1970; vive e traballa en Douarnenez)
- **Katia Bourdarel** (Marsella, 1969; vive e traballa en Marsella)
- **Martin Le Chevallier** (Fontenay-aux-Roses, 1968; vive e traballa en París)
- **Alain Declercq** (Moulins, 1969; vive e traballa en París)
- **Brice Dellsperger** (Cannes, 1972; vive e traballa en París)
- **Julien Discrit** (Epernay, 1978; vive e traballa en París)
- **Laurent Grasso** (Mulhouse, 1972; vive e traballa en París)
- **Clarisse Hahn** (París, 1973; vive e traballa en París)
- **Élodie Huet** (1976; vive e traballa en París)
- **Patrick Jeannes** (Cauderan, vive e traballa en París)
- **Vincent Labaume** (Cosne-sur-Loire, 1965; vive e traballa en París)
- **Corinne Marchetti** (Marsella, 1972; vive e traballa en Marsella)
- **Philippe Meste** (Rennes, 1966; vive e traballa en París)
- **Valérie Mréjen** (París, 1969; vive e traballa en París)
- **Bruno Peinado** (Montpellier, 1970; vive e traballa en Douarnenez y Nueva York)
- **Frank Perrin** (1963; vive e traballa en París)
- **Fabien Rigobert** (Calais, 1968; vive e traballa en París)
- **Amandine Sacquin** (Montbéliard, 1985; vive e traballa en Mulhouse)
- **Bruno Serralongue** (Châtellerault, 1968; vive e traballa en París)

OBRAS EN EXPOSICIÓN

A exposición reúne un total de 67 obras, entre fotografías (Katia Bourdarel, Vincent Labaume), vídeos (Virginie Barré, Katia Bourdarel, Brice Dellsperger, Laurent Grasso, Clarisse Hahn, Martin Le Chevallier, Valérie Mréjen), instalacións (Virginie Barré, Alain Declercq, Julien Discrit, Philippe Meste, Bruno Peinado), videoinstalacións (Élodie Huet), esculturas (Virginie Barré, Vincent Labaume, Corinne Marchetti), pinturas (Patrick Jeannes), debuxos (Élodie Huet, Virginie Barré) e maquetas (Katia Bourdarel).

NOTA DE PRENSA

ITINERANCIA

- CRAC Alsace, Francia (3 setembro 2006 – 11 febreiro 2007)
- La Centrale Électrique, Bruxelas, Bélxica (22 marzo – 6 maio 2007)
- MARCO, Museo de Arte Contemporánea de Vigo (1 xuño – 30 setembro 2007)

SOBRE A COMISARIA

Hilde Teerlinck é directora do FRAC Nord Pas de Calais/Dunkerque dende setembro de 2006, cargo que asumiu despois de dirixir, entre 2002 e 2006, o CRAC Alsace (Altkirch). Entre 1999 e 2002 combinou o seu traballo como docente na Escola Superior de Arte de Perpiñán co seu labor como crítica de arte e colaboradora en diversas publicacións como *Parkett*, *Kunstforum*, *Kunst nu*, *Artefactum*, *Transversal*, *Quaderns*, e *Ars Mediterranea*, e como comisaria do Espace d'Art Contemporain - Halle au Poisson en Perpiñán. Anteriormente fora directora artística e coordinadora do Pavillón Mies van der Rohe de Barcelona (1993-2000).

CATÁLOGO

Con ocasión desta mostra, CRAC Alsace, La Centrale Électrique e MARCO de Vigo coeditaron un catálogo en cinco idiomas (francés, inglés, español, alemán e holandés), con textos da comisaria Hilde Teerlinck, de varios dos artistas participantes e outros autores, acompañados de imaxes e fichas das obras en exposición.

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

TALLER DE ARTISTA

ARIK LEVY. 'O outro'

Organizan: Fundación María Martínez Otero e MARCO de Vigo, en colaboración coas empresas Martínez Otero e SUTEGA

Dende o seu estudio Ldesign en París, xunto co seu socio Pippo Lionni e o seu equipo de deseñadores, Arik Levy (Tel-Aviv, 1963) leva a cabo proxectos de deseño industrial, interiorismo e deseño gráfico para o mercado europeo e internacional.

TALLER Arik Levy. "O outro"

- Datas: luns 4, martes 5 e mércores 6 de xuño
- Lugar: sala perimetral B1 (1º andar)
- Horario: de 11.00 a 14.00 e de 16.00 a 18.00
- Previa [inscrición e matrícula](#)

O taller complementábase cunha conferencia aberta ao público, o martes 5 de xuño:

CONFERENCIA Arik Levy. "Home Sweet Home"

- Data: martes 5 de xuño
- Lugar: salón de actos
- Horario: ás 20.00
- [Entrada libre e gratuíta ata completar aforo](#)

NOTA DE PRENSA

CICLOS DE CINE FRANCÉS

Isabelle Huppert (xuño 2007) + Au sud du cinema (setembro 2007)

Organizan: Cineclube Lumière, en colaboración co MARCO de Vigo, Alianza Francesa e Ministerio de Asuntos Exteriores de Francia

Colaboran: Federación de Galicia de Cineclubes; Concellería de Festas e Animación Sociocultural do Concello de Vigo

Lugar: Auditorio do Concello, Praza do Rei s/n

Horario: ás 20.30 (consultar programas)

Isabelle Huppert (do 4 ao 25 de xuño)

luns **4 junio** / *La Dentellière* [A encaixeira], de Claude Goretta, 1977

martes **5 junio** / *Sauve qui peut (la vie)* [Sálvese quen poida (a vida)], de Jean-Luc Godard, 1980

mércores **6 junio** / *Loulou*, de Maurice Pialat, 1980

luns **11 junio** / *Coup de foudre* [Entre nós], de Diane Kurys, 1983

martes **12 junio** / *Madame Bovary*, de Claude Chabrol, 1991

mércores **13 junio** / *La Séparation* [A separación], de Christian Vincent, 1994

xoves **14 junio** (dobre sesión ás 18.30 e ás 20.30) / *La Cérémonie* [A cerimonia], de Claude Chabrol, 1995 e *La Pianiste* [A pianista], de Michael Haneke, 2001

luns **18 junio** / *Saint-Cyr*, de Patricia Mazuy, 2000

luns **25 junio** / *La Vie promise* [A vida prometida], de Olivier Dahan, 2002

+ Au sud du cinema (do 3 ao 25 de setembro)

luns **3 septiembre** / *Hyènes* [Hienas], de Djibril Diop Mambéty 1992

luns **10 septiembre** / *Les gens de la rizière* [A xente do arrozal], de Rithy Panh, 1994

luns **17 septiembre** / *Luna Papa*, de Bakhtyar Khudojnazarov, 2000

luns **24 septiembre** / *Platform*, de Jia Zhangke, 2001

martes **25 septiembre** / *Lettre d'amour Zoulou* [Carta de amor zulú], de Ramadan Suleman, 2006

OBRADOIROS INFANTÍLS DE VERÁN

Novos Horizontes. 'UNHA VOLTA Á GALIA'

Do 3 de xullo ao 8 de setembro

- Martes a sábados, de 12.00 a 14.00
- Lugar: salas de exposición e Laboratorio das Artes (1º andar)

VISITAS GUIADAS Á EXPOSICIÓN

- Todos os días ás 18.00
- Visitas "á carta" para grupos e asociacións, previa cita no tel. 986 113900/11

SÍNTESIS DO PROXECTO EXPOSITIVO

NOVOS HORIZONTES reúne a un grupo de creadores que nos últimos anos comezaron a despuntar na escena artística internacional. A exposición, que viaxa a Vigo tras a súa presentación no CRAC Alsace e La Centrale Électrique de Bruxelas, artículase ao redor de diferentes temas que se entrecruzan e que deixan intuír un fío condutor, unha común preocupación dos artistas cara ao seu contexto social e político. Nados todos eles en Francia, forman parte dunha xeración que ven desenvolvendo a súa actividade artística durante o últimos vinte anos, e abordan temas moi latentes no panorama social, político e cultural da Francia actual.

A selección da comisaria agrupa, de modo intencionado, a unha grande maioría de artistas que son pouco coñecidos fóra das fronteiras do seu país, xunto a outros con máis presenza e traxectoria no contexto internacional, co fin de ofrecer ao público un panorama o máis completo posible da escena artística actual en Francia.

Na distribución e a montaxe das obras nas salas do MARCO intentouse, por unha parte, evidenciar as diferenzas, reforzando o carácter individual de cada peza, e ao mesmo tempo subliñar certos vínculos e agrupamentos entre as obras, sexa en relación cos seus contidos ou nos temas que abordan, os medios e soportes utilizados, e a súa relación e comunicación co espectador.

Dentro desta diversidade, a análise de contidos permite unha clasificación en varios eixos temáticos, que á súa vez se entrecruzan segundo as intencións de cada artista e a súa presenza en salas: as obras que teñen á relixión como tema central —os retratos dunha comunidade de Clarisse Hahn e o problema da identidade nos vídeos de Valérie Mréjen— combínanse coa análise do contexto sociopolítico —as críticas e crónicas modernas do mundo capitalista en Bruno Serralongue e Vincent Labaume; as tramas terroristas e a paranoia colectiva en Alain Declercq— e coas particulares interpretacións da sexualidade e a violencia na instalación de Philippe Meste ou na ambigüidade transgresora de Brice Dellsperger.

A relación co mundo da infancia, do cine e do cómic de Corinne Marchetti, Katia Bourdarel, Amandine Sacquin, ou Virginie Barré, contrasta coa aguda e irónica visión da sociedade actual nas obras de Bruno Peinado, Patrick Jeannes, e nas fotografías de Fabien Rigobert. A reflexión sobre a imaxe en movemento e a súa interacción co público, sexa a través da televisión, o vídeo ou as novas tecnoloxías, está ben representada na instalación visual e sonora de Julien Discrit no panóptico central, o eclipse virtual de Laurent Grasso, o vídeo interactivo de Martín Le Chevallier, ou a videoinstalación de Élodie Huet, que esixe a participación de dous visitantes para ser entendida por completo. Todas estas obras fálannos da relación espazo-tempo, e a súa capacidade de comunicación co espectador.

Como arranque e final da exposición, e como imaxe do catálogo desta mostra colectiva, unha fotografía da gran praia atlántica de La Baule, obra de Frank Perrin, recibe e despide aos visitantes dende a fachada do museo.

TEXTO DA COMISARIA

“O título da exposición **NOVOS HORIZONTES** ten que ver co desexo de ofrecer ao público distintas perspectivas da creación francesa contemporánea. Os artistas seleccionados pertencen a distintas xeracións e, se ben algúns comparten un interese por temas similares, cada quen os desenvolve de xeito persoal.

Todos eles son produto dunha xeración dominada pola influencia das novas tecnoloxías. Os vídeos e instalacións interactivas de Fabien Rigobert, Julien Discrit, Laurent Grasso e Martin Le Chevallier embarcan ao espectador en viaxes por mundos virtuais, nos que a ciencia se atopa coa ficción e fúndense nunha terceira dimensión.

As obras de Katia Bourdarel, Amandine Sacquin, Virginie Barré e Corinne Marchetti transpórtannos a un peculiar ‘país das marabillas’, unha reconstrución surrealista de soños e imaxinería adolescente mesturados con referencias á banda deseñada e á arte pop. Outras artistas como Clarisse Hahn e Valérie Mréjen fan uso dun enfoque case documental para tratar temas delicados como a fe e a relixión; Bruno Serralongue baséase en estratexias similares ás do fotoxornalismo, e Elodie Huet utiliza o vídeo como ferramenta para unha aguda análise da nosa existencia cotiá.

Sexo e violencia son temas omnipresentes na sociedade, na vida real, pero tamén na gran pantalla. Alain Declercq, Brice Dellsperger e Phillipe Meste descúbrennos ata que punto estes aspectos son tratados de forma superficial e banal nos medios de comunicación. Os enfoques polifacéticos e sumamente pessoais de Bruno Peinado, Vincent Labaume e Patrick Jeannes resístense a calquera tipo de clasificación. E por último, Frank Perrin, creador da imaxe para a portada do catálogo, preséntanos unha especie de metáfora do home moderno, conectado co mundo a través do seu MP3, ou só e perdido en medio da grande cidade.

Sexa cal sexa o interese e xeito de expresión de cada un destes creadores, a intención deste proxecto é ofrecer ao público internacional a oportunidade de descubrir a “forza secreta” da arte contemporánea francesa, e levar a artistas menos coñecidos cara a *novos horizontes*.

Hilde Teerlinck
Comisaria da exposición

SOLICITUDE DE MATERIAL GRÁFICO

EXPOSICIÓN

“NOVOS HORIZONTES. Artistas contemporáneos de Francia”

MATERIAL GRÁFICO DISPOÑIBLE PARA A PRENSA:

CD con textos e fotos da exposición, en diferentes formatos.

SE DESEXA RECIBIR DOCUMENTACIÓN, ENCHA E ENVÍE ESTE DOCUMENTO POR CORREO ELECTRÓNICO, FAX OU CORREO POSTAL A:

MARCO, Museo de Arte Contemporánea de Vigo

Rúa Príncipe 54

36202 Vigo (Pontevedra)

Departamento de Comunicación

Marta Viana Tomé

Pilar Souto Soto

Tel. +34 986 113908 / 113903

Fax +34 986 113901

marta.viana@marcovigo.com

pilar.souto@marcovigo.com

Prégase especificar o formato da imaxe, así como o medio de comunicación para o que solicita a documentación

Formato desexado:		
Nome e apelidos:	Temas de interese:	Teléfono:
Cargo:	Enderezo:	Fax:
Medio de Comunicación:	Código postal e cidade:	Correo-e:
Sección/ Programa:	Enderezo alternativo:	Outros:

Solicitamos que remitan un exemplar da reseña que publiquen ao noso Departamento de Comunicación.